

Dende a Concellaría de Igualdade e Diversidade mostramos a nosa total repulsa ante a agresión homófoba que sufriu, a noite de fin de ano, unha persoa na nosa cidade polo feito de ser gai.

Queremos tamén mostrar o noso apoio á persoa agredida e poñer a súa disposición os recursos públicos dos que dispón este Concello.

É preciso recalcar a importancia de denunciar estes feitos, e non só a persoa que sofre a agresión, o compromiso tamén o temos todas e todos, se presenciamos unha agresión temos o deber cidadán de denunciála. Lembramos que a Policía local está preparada e concienciada para recoller este tipo de denuncias , e así poder sumar ao delito de agresión, o agravante por delito de odio. E fundamental dar o paso e denunciar para que a lgtbfobia non quede impune e invisibilizada.

Queremos unha cidade libre de violencias machistas e libre de lgtbfobia, por isto é fundamental e nunca suficiente o traballo que estamos a realizar neste ámbito: a recente creación do Espazo municipal das Diversidades, a articulación do Plan por unha cidade libre de violencias machistas, ou o Plan PIPE da Policía Local son parte do labor que estamos a facer para poder erradicar estes delitos machistas que coartan á diversidade e liberdade sexual das persoas e vulneran claramente os dereitos humanos.